



PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACION ABRENTE PARA A ACTIVIDADE: DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA ENKI 2024

Na cidade da Coruña

ASINANTES:

Dunha parte, Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J, de conformidade co que dispón o artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), asistida da oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, que dá fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma lei.

E doutra, Ángel López Fernández, como presidente da entidade Fundación Abrente, NIF G70397849, e con domicilio social na rúa Novoa Santos, 36, baixo, 15006 A Coruña.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

- I. Que o Concello da Coruña, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En todo caso, exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materia de promoción do deporte.
- II. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) no seu artigo 2.1 entende por subvención toda a disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das persoas beneficiarias, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade, debendo a beneficiaria cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecesen e que a conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou de promoción dunha finalidade pública.
- III. O obxecto das subvencións reguladas na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar é a promoción do deporte e outras actividades de esporexamento.
- IV. Que o Concello da Coruña entende que a actividade da entidade Fundación Abrente é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o Anexo de subvencións nominativas do Orzamento de 2024 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de 20.000,00 €, coa finalidade de contribuír á realización da actividade: Desenvolvemento da carreira ENKI 2024.
- V. Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
- VI. Que, posto que se puido iniciar o procedemento de concesión de oficio ou a pedimento da entidade, logo do requirimento municipal, a entidade Fundación Abrente presentou no Rexistro electrónico a documentación necesaria para subscribir o convenio.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES – SERVIZO DE DEPORTES

Unidade Administrativa

Referencia: 532112024147  211/2024/147  21118I02LN

Unha vez que se comprobou o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións por parte da entidade Fundación Abrente e por todo o exposto, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto

É obxecto do presente convenio regular a colaboración entre o Concello da Coruña e a entidade Fundación Abrente coa finalidade de contribuír ao: Desenvolvemento da carreira ENKI 2024, que se realizará na seguinte data: 19 de outubro de 2024.

SEGUNDO. Actuacións que lle corresponden ao Concello da Coruña

O Concello da Coruña comprométese a:

1. Achegar á Fundación Abrente a cantidade de 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 52.341.48950 do Orzamento de 2024.
2. Comprobar o cumprimento de todas as estipulacións establecidas neste convenio e no marco xurídico definido na LXS.

TERCEIRA. Obrigas da entidade beneficiaria

A entidade Fundación Abrente comprométese a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nominativa, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento de solicitar o convenio, xunto co orzamento de ingresos e gastos. No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, renunciar expresamente a esta.
2. Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade Desenvolvemento da carreira ENKI 2024, que se desenvolverá no exercicio 2024.
3. Presentar a documentación xustificativa desta nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
4. Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo o caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
6. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
7. Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
8. Que todo o persoal dedicado a realizar as actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, para o que asinará a declaración responsable que está incluída no formulario de solicitude.
9. Cumprir co disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).
10. En relación á **publicidade** da axuda concedida polo Concello da Coruña e en todas as actividades organizadas directamente pola entidade deportiva e que garden relación co obxecto do presente convenio, facer constar explicitamente o logotipo do Concello da Coruña en todo o tipo de publicidade e información relativa ás



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES – SERVIZO DE DEPORTES

Unidade Administrativa

Referencia: 532112024147  211/2024/147  21118102LN

actividades e proxectos subvencionados que leven difusión e publicación; especialmente en toda a publicidade que realice a entidade para difundir a súa actividade a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluídas as redes sociais e páxinas web, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recolleitos no manual de utilización da imaxe corporativa (dispoñible en <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>). Igualmente, facer constar a colaboración do Concello no seu financiamento.

Así mesmo, deberase incluír na páxina web oficial da entidade unha ligazón á web <http://www.coruna.gal/deportes>.

No caso de gastos de cartelería, dípticos e trípticos deberá presentar xunto coa conta xustificativa un exemplar do modelo utilizado co fin de comprobar que se inclúen os logotipos deste Concello.

Sen prexuízo doutras accións publicitarias e informativas que desenvolva a entidade deportiva, **é obrigatorio que o logotipo do Concello da Coruña conste na indumentaria deportiva oficial do club**, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos, se os houber; así como en carteis, páxina web, lonas publicitarias, equipamento deportivo, roupa deportiva, premios, trofeos, medallas e demais elementos publicitarios da devandita actividade. Ademais, **é obrigatorio dispoñer de 2 lonas de tamaño 2 x 0,80 metros e 2 fly banners de tamaño 3,70 de altura x 0,50 metros onde se recolla o logotipo do Concello que deberá estar nun lugar visible durante o desenvolvemento de todas as actividades que se realicen en desenvolvemento do presente convenio**. Estes gastos poden ser custeados con cargo ao importe do convenio.

Ademais, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible.

Que “a comunicación e a produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega, segundo o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021).

Nos elementos publicitarios deberá adecuarse a imaxe corporativa ao manual vixente do Concello da Coruña, que poderá consultarse na web <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>.

Cando se insira o logotipo en carteis, páxina web, lonas ou demais elementos gráficos, debe figurar a expresión **“COLABORA CONCELLO DA CORUÑA”** xunto co logotipo que estea nese momento aprobado polo Concello da Coruña.

Os gastos nos que se incorra como consecuencia da inserción do logotipo nos elementos publicitarios poderán ser considerados gastos subvencionables con cargo ao presente convenio.

Nos eventos deportivos que se desenvolvan na rúa ou nunha instalación deportiva, xa sexa municipal ou doutra titularidade, terase ademais a obrigação de colocar os elementos publicitarios do Concello da Coruña. Estes elementos poderán ser facilitados pola Concellería de Deportes do Concello da Coruña.

11. Comunicarlle cunha semana mínima de antelación ao Servizo de Deportes do Concello da Coruña a data, hora e lugar das actividades deportivas que vaia executar con cargo ao presente convenio.

12. En caso de que desde o Concello da Coruña se lle convoque de modo oficial a unha recepción ou acto institucional, acudir e participar neste por medio das súas ou dos seus representantes.

13. Colaborar de modo gratuíto co Concello da Coruña en dous eventos anuais, tales como o Día do Deporte na Rúa, e outro evento por determinar, e participará activamente neste, do modo e cos medios que se lle indique desde a Concellaría de Deportes.

14. Todas as actuacións desenvolvidas pola entidade asinante do convenio serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes, polo que a entidade se someterá a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias que realizará o Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan



realizar os órganos de control competentes, tanto locais, nacionais e/ou comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (art. 14.1.c da LXS).

CUARTA. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, como gastos de persoal (dirección e coordinación e persoal técnico deportivo e administrativo), comunicación e publicidade e intérpretes de lingua de signos, seguros, montaxe, seguridade, permisos, plan de emerxencias, dorsais, material gráfico, *merchandising* e premios, material para a carreira e os obstáculos desta ou outros gastos xerais dentro das porcentaxes recolleitas no apartado respecto diso desta cláusula.

2. Os gastos de desprazamento non poderán xustificarse con gastos de desprazamentos en vehículos privados (combustible, peaxes, etc.).

3. Os gastos de aloxamento subvencionables non poderán superar o importe de 53,34 euros/día por persoa e os gastos de manutención que se subvencionarán estarán limitados a un máximo de 26,67 euros/día por persoa. Só se subvencionarán os gastos correspondentes ás persoas participantes na actividade e durante os días e horas que dure esta e deberá xustificarse que os gastos que se subvencionan son imprescindibles para o desenvolvemento da actividade; é dicir, que se non se asumisen estes gastos, a actividade non podería executarse nas condicións que constan na memoria.

Deberá xustificarse coa factura que os gastos de aloxamento e manutención subvencionables se corresponden coas persoas que participan directamente na actividade e cuxa participación é necesaria para o seu desenvolvemento.

No suposto de que a entidade contase para apoiar na execución desta con persoas voluntarias (sen finalidade lucrativa); poderá imputar os gastos de aloxamento, manutención e desprazamento previstos nos parágrafos precedentes e aqueles imprescindibles para realizar a actividade (material necesario no seu caso) unicamente cando conste unha certificación da persoa representante legal da entidade que identifique nominativamente os e as voluntarias participantes, o contido detallado das funcións que van realizar, os días e horas en que van realizar a prestación, e a xustificación da necesidade para o desenvolvemento da actividade de contar con persoas voluntarias e do número necesario destas.

En todo o caso, os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención serán aboados desde a conta da entidade destinada para os efectos ao prestador do servizo, sen que se admitan en ningún caso pagos directos ás persoas participantes nin aboamentos desde outras contas bancarias.

4. En todo o caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade.

5. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.

6. Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

7. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

8. Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. O réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións, os supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas para supostos distintos ao apartado anterior e cando a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable como tal e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado.



- No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000,00 euros, é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- Non poderá contratar a beneficiaria servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas coa primeira, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - 1.º Que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente.
 - 2.º Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Considerarase que existe vinculación por parte da entidade beneficiaria con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagos periódicos.
- Ser membros asociados da beneficiaria a que se refire o apartado 2 e membros ou partícipes das entidades sen personalidade xurídica a que refírese o apartado 3 do artigo 11 da LXS.
- Unha sociedade e as persoas socias maioritarias ou as e os seus conselleiros ou administradores, así como cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.
- As sociedades que, de acordo co artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores, reúnan as circunstancias requiridas para formar parte do mesmo grupo.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e quen ostente a representación legal, patróns ou patroas ou quen exerza a súa administración, así como cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e as persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade que conforme a normas legais, estatutarias ou acordos contractuais teñan dereito a participar en máis dun 50 por cento no beneficio das primeiras.

Porén ao sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía deste e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

9. En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, só se poderán imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade que se presentou coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, para o que deberá acreditar cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do seu pago efectivo.
Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral, agás que se acredite fidedignamente nos xustificantes de gasto que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.
- b) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, polo que serán subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta.



QUINTA. Financiamento e pago

A actividade financiarase en todo ou en parte coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da LXS, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, enténdese que o Orzamento xeral do Concello establece a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, polo que deberá ser reintegrada en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que excedese o custo total da devandita actividade.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe de financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que exceda do custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da LXS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento da LXS, sendo compatible esta achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento de obriga a favor da beneficiaria e o pago da achega realizaranse tras presentar e aprobar a xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase a resolución declaratoria da perda de dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez que se efectúa a xustificación debida e de non existir responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención á beneficiaria en tanto non se ache ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedora por unha resolución de procedencia de reintegro.

A execución e xustificación do presente convenio corresponderalle a Fundación Abrente, quen utilizará, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, unha única conta bancaria onde fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asignado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada a estas. Na devandita conta ingresarase a achega do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio.

A entidade asinante do convenio xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme os principios dunha xestión financeira clara e correcta.



SEXTA. Prazo de execución

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, cuxo prazo para executar as accións comprende desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas dentro do período referido.

SÉTIMA. Xustificación

A. Prazo

Será de dous meses que se contarán desde que finalice a actividade, ou ben desde que se realicen os gastos, cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo o caso, deberase presentar a xustificación na Sede electrónica do Concello da Coruña antes de que transcorran dous meses desde que finalice a vixencia do convenio.

B. Forma

Esta subvención nominativa está recollida no Anexo de subvencións nominativas do Orzamento de 2024 e o seu importe é inferior a 60.000 euros; por tanto, segundo o artigo 75 do Regulamento da LXS, establécese como forma de xustificación a conta xustificativa simplificada que conterá a seguinte información:

- Impreso de solicitude de xustificación. Xustificación de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial se procede, para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado. Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit desta. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, resolverase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que exceda o custo total da actividade.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e grao de cumprimento de obxectivos. A beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada (anexo 1).
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias (anexo 2). Deberá presentarse en formato PDF asinado e en Excel (comprimido nun só nivel en formato ZIP).
- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade enumerados obrigatoriamente de maneira correlativa (1, 2, 3...) con indicación da persoa acreedora, NIF, número de documento xustificativo, data de emisión, importe, concepto completo da factura desagregado que permita comprobar fidedignamente o gasto efectuado e data de pago (anexo J3). Deberá presentarse en formato PDF asinado e en Excel (comprimido nun só nivel en formato ZIP).
- A certificación doutras axudas ou subvencións concedidas, solicitadas e/ou percibidas e os ingresos obtidos ou previstos para o desenvolvemento dos proxectos/actividades solicitadas por esta entidade para este convenio asinada pola secretaría co visto e praxe da presidencia (anexo J4).
- Documentación xustificativa acreditativa do cumprimento da publicidade obrigatoria recolleita na cláusula terceira.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

C. Mostraxe de xustificantes

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán a continuación, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a aplicación adecuada da subvención, a cuxo fin se poderá requirir á beneficiaria, no prazo máximo de catro anos que se contarán desde que finalice a presentación da conta xustificativa, a achega de todos os xustificantes de gastos e os correspondentes pagos nos termos que se indican deseguido.

Criterios de mostraxe

- En todo o caso, comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe da subvención concedida.
- Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoñan as seguintes porcentaxes respecto do número de elementos da relación da mostraxe:

1.º Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a 20: comprobarase o 100%.



- 2.º Se o número de xustificantes fose superior a 20 e inferior ou igual a 50: comprobarase o 60%.
 - 3.º Se o número de xustificantes fose superior a 50 e inferior ou igual a 100: comprobarase o 40%.
 - 4.º Se o número de xustificantes fose superior a 100: comprobarase o 20%.
- Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra aplicarase o seguinte procedemento de selección de xustificantes:
 - Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe serán os que conforman a relación presentada pola beneficiaria menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.
 - Numeraranse sucesivamente os xustificantes que van ser obxecto de mostraxe conforme a orde da relación clasificada de gastos achegada pola beneficiaria na conta xustificativa.
 - Determinarase o volume de xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar conforme ao indicado anteriormente; é dicir, aplicarase a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto de mostraxe.
 - Obterase o cociente resultante de dividir o número de elementos que conforman a relación da mostraxe entre o número de elementos da mostra, redondeando os decimais ao número enteiro máis próximo.
 - Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra do seguinte modo:
 - ✓ O número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente calculado anteriormente o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da presentación da conta xustificativa (o correspondente ao número dos segundos).
 - ✓ Os restantes elementos da mostra determinarase aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non chegácese ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e continuar polo principio da listaxe ata alcanzar o número que corresponde. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.
 - No caso de que algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que impida obter a evidencia razoable sobre a adecuado aplicación da subvención, deberá o beneficiario presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e, en consecuencia, o cálculo de importe da subvención que se debe reintegrar no seu caso.
 - En todo o caso, o ou a instrutora do procedemento resérvase o dereito de, logo de aplicar o procedemento anteriormente establecido para determinar aleatoriamente os xustificantes para presentar, solicitar a presentación dos xustificantes en concreto que considere necesarios para unha mellor xustificación da subvención.

D. Requisitos dos xustificantes de gasto

Para tales efectos, deberase ter en conta sobre a xustificación do gasto as seguintes condicións:

- Xustificarase preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.
- No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou, no seu caso, deberá acreditar o seu ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
- No caso de que a subvención outorgada teña como destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, para o que deberá acreditar o seu ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190, así como os modelos 115 e 180 nos casos de arrendamentos.
- No caso de imputarse gastos de persoal: ademais das nóminas, serán obrigatorios os documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de Traballadores) debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado do xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada no caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema REDE.



Concello da Coruña

CONCELLARÍA DE DEPORTES – SERVIZO DE DEPORTES

Unidade Administrativa

Referencia: 532112024147  211/2024/147  21118I02LN

Tamén serán obrigatorios os modelos 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativos do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao persoal traballador suxeito ao IRPF.

- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS, debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

E. Requisitos dos xustificantes de pago

No que se refire á xustificación dos pagos deberase ter en conta o seguinte:

- Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.
- Os documentos de gasto deben acompañarse dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade deste convenio.
- Non se considera xustificado ningún gasto aboadado en efectivo en ningún caso, nin aqueles onde non conste de modo claro e fidedigno a rastreabilidade entre o gasto e o seu aboamento.
- A acreditación do pago débese xustificar a través da transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, e debe achegarse coa factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago se realizou mediante talón ou cheque, deberá achegarse ademais fotocopia deste e, igualmente, extracto ou movemento bancario que acredite que a persoa destinataria o fixo efectivo.
- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.
- O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral directamente ou a través de empresa colaboradora, e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA. Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula terceira deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- No caso de xustificar fóra do prazo sinalado na cláusula sexta e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da LXS.
- Nos demais supostos previstos na LXS e na Ordenanza xeral da Área de Benestar.



NOVENA. Responsabilidade da entidade na execución da actividade

A entidade Fundación Abrente é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello, polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase, poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

A entidade Fundación Abrente obrígase a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, tributarias ou calquera outras, se precisen para o desenvolvemento da actividade.

DÉCIMA. Seguimento, vixilancia e control do convenio

O seguimento do presente convenio de colaboración encoméndaselle ao Servizo de Deportes do Concello da Coruña.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
2. Resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto ao convenio.

UNDÉCIMA. Causas de resolución do convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante o aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DUODÉCIMA. Natureza

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

En proba de conformidade, asinamos este convenio na data de sinatura electrónica.

A alcaldesa do Concello da Coruña

O presidente da Fundación Abrente

Inés Rey García

Ángel López Fernández

A oficial maior, dou fe,

María Esther Álvarez Martínez